


Sumario | nº52 – Decembro 2025

OPINIÓN

Un legado para coidar



SIGUENOS
EN LINKEDIN

EDIUS

NOVAS

Este curso abríranse enquisas *online* para que o alumnado exprese o seu grao de satisfacción con cada actividade formativa



EDIUS

NOVAS

A EUniWell celebrará en Santiago un programa centrado no autocoidado na carreira profesional durante o doutoramento



EDIUS

NOVAS

En marcha a elección do novo director/a da Escola de Doutoramento Internacional da USC



EDIUS

NOVAS

Así vai o meu doutoramento

Falan @s doutorand@s




EDIUS

NOVAS

Que é o Compromiso Documental de Supervisión (CDS)?



ENTREVISTA



Purificación Cariñena Amigo, profesora do departamento de Electrónica e Computación

Concienciación e formación, principais aliados na ciberseguridade



EDIUS

NOVAS

Elena Vázquez Cendón, nova académica de número da Real Academia de Ciencias de España



EDIUS

NOVAS

Aberto o prazo para propostas de cursos para a Universidade de Verán de 2026



EDIUS

NOVAS

Axudas económicas para doutorand@s da USC



EDIUS NOVAS

En marcha a elección do novo director/a da Escola de Doutoramento Internacional da USC

A EDIUS convoca as eleccións para elixir novo director/a da Escola

O pasado 3 de decembro aprobouse a convocatoria para a elección da persoa directora da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS). O prazo para a presentación de candidaturas comezou o pasado xoves día 4 e finalizará o vindeiro día 12 de decembro.

Pode presentar a súa candidatura o persoal docente e investigador que forme parte dos programas de doutoramento co título de doutora ou doutor con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela que reúna a condición de persoa investigadora de recoñecido prestixio. Esta última condición acreditarase xustificando a posesión de, como mínimo, tres períodos de actividade investigadora recoñecidos consonte ao Real Decreto 1086/1989 do 28 de agosto ou a acreditación de méritos equiparables.

A presentación de candidaturas realizarase a través da sede electrónica mediante unha solicitude xenérica dirixida á [EDIUS](#).

A persoa directora da EDIUS será elixida por votación entre os membros do Comité de Dirección da Escola de Doutoramento que constan no anexo I da convocatoria.

Antes da votación os candidatos poderán expoñer o seu programa, para o que serán convidados á reunión do Comité de Dirección do día da votación.

NOMEAMENTOS

O candidato á dirección da EDIUS que resulte elixido será nomeado polo reitor, ao igual que o secretario ou secretaria, cargo proposto polo novo director/a. As persoas responsables das subdireccións serán tamén unha proposta da persoa responsable da dirección.

O 21 de xaneiro de 2026 celebraranse as votacións presenciais. No caso de concorrencia de máis dun candidato/a, as eleccións celebraranse de acordo co sistema de dobre volta. En primeira volta resultará elixida a persoa candidata que obtivera máis da metade dos votos. Se esta non se alcanza, procederase a unha segunda votación na mesma sesión entre os dous candidatos máis votados na primeira volta que manteñan a súa candidatura, resultando elixido o que obtivese a maioría simple de votos.

No caso de empate na segunda votación, repetirase a mesma e, se se mantivese o empate, darase preferencia ao candidato de maior antigüidade de acordo co artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

No caso dun único candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido o candidato se obtén o 25 % ou máis dos votos emitidos.

Na seguinte ligazón atópase toda a documentación relativa a este proceso.

DATAS IMPORTANTES	
Convocatoria	3 de decembro de 2025 aprobada na reunión deste día no Comité de Dirección da EDIUS
Prazo de presentación de candidaturas	4 ao 12 de decembro de 2025
Proclamación provisional de candidatos	15 de decembro de 2025
Prazo de reclamacións contra a proclamación provisional de candidatos	Do 16 ao 18 de decembro de 2025
Proclamación definitiva de candidatos	19 de decembro de 2025
Reunión comité de Dirección da EDIUS / Votacións presenciais	21 de xaneiro de 2026 - <u>Reunión Comité de Dirección da EDIUS</u> mediante videoconferencia a través da aplicación Teams. As 8:30 en primeira convocatoria e ás 9:00 en segunda. - <u>Votación:</u> 1ª volta: 10:00h a 12:00h 2ª volta: 12:30h a 14:30h - EDIUS, Casa dos Catedráticos, Avd. das Ciencias, 6. Campus Vida (Santiago de Compostela) - Edificio Cactus, Praciña da Universidade s/n (Lugo)



Miguel Vázquez López

Membro da Comisión
Executiva da EDIUS:
Sección Ciencias
e Enxeñarías

OPINIÓN

Un legado para coidar

Nos últimos anos a EDIUS cambiou moito e, sobre todo, cambiou para mellor. Non foi só unha cuestión de novas normas ou procedementos, senón dun xeito diferente de entender o doutoramento na USC: como unha etapa que require esixencia, pero tamén acompañamento e responsabilidade compartida.

O director que agora está a piques de rematar o seu mandato deixa un legado que, ao meu ver, se constrúe sobre tres piares que deberíamos preservar.

O primeiro é o **rigor científico**: a aposta decidida por programas solventes, comisións académicas serias e criterios claros á hora de avaliar a calidade das teses e da formación investigadora. A EDIUS converteuse nun espazo onde falar de calidade non é só cumprir cos informes, senón defender estándares comúns para toda a universidade.

O segundo é a **calidade da comunicación dos resultados**. Impulsouse a idea

de que non abonda con investigar ben: hai que saber explicar o que facemos, a quen lle importa e por que. Desde o apoio á formación en comunicación ata a visibilidade das teses e das persoas doutorandas, avanzouse cara a unha cultura na que compartir coñecemento é parte esencial do traballo científico.

O terceiro dos piares é a construción dun **marco legal claro e seguro**, que dea garantías a doutorandas e doutorandos, direccións e titorías. Regulamentos máis transparentes, procedementos coñecidos e canles para abordar conflitos axudan a que cada quen saiba cales son os seus dereitos e responsabilidades.

A quen asuma agora a dirección da EDIUS tócalle continuar e actualizar este legado. Se mantemos estes tres piares, o doutoramento na USC seguirá medrando en solidez, xustiza e prestixio. E iso é, en boa medida, mérito do camiño aberto nestes anos.

EDIUS NOVAS

Axudas económicas para doutorand@s da USC

Este curso volven convocarse dúas axudas económicas destinadas a doutorandos e doutorandas da USC. O prazo para presentar solicitudes será **do 10 ao 31 de decembro de 2025**.

Por unha banda, a Fundación José Otero-Carmela Martínez pon en marcha, por cuarto ano, [a convocatoria de axudas pecuniarias para fomentar a investigación a través dos estudos de doutoramento](#) dos estudantes con menos recursos económicos, ou que se atopen nunha situación persoal e familiar que o requira.

Deste xeito, e en colaboración coa **Fundación José Otero-Carmela Martínez**, a Universidade de Santiago de Compostela quere posibilitar que aquelas persoas matriculadas nun programa de doutoramento que non poidan sufragar a súa formación, teñan a oportunidade de continuar coa súa investigación de cara á excelencia na realización da tese doutoral.

As axudas destinaranse a cubrir os gastos da matrícula, así como aqueles outros que, de maneira xustificada, se deriven ou sexan necesarios para a realización das

actividades conducentes a lograr os obxectivos académicos fixados no Plan de Investigación.

Ademais, tamén se convocan as [axudas “César Oro e José García Oro”](#) para persoas doutorandas dos ámbitos de **Filoloxía, Humanidades, Historia e Xeografía**. Este é o segundo ano que se convoca esta axuda, que ten por obxecto a concesión dun número limitado de achegas económicas a aquelas persoas que, cumprindo os requisitos para seren beneficiarias, non contan cos recursos específicos para realizar as accións de mobilidade derivadas da súa actividade investigadora e necesarias para realizar a tese de doutoramento.

O profesor César Oro García, catedrático de Lingua e Literatura Galego-Portuguesa e Castelán na Universidade de Howard, faleceu o 16 de marzo de 2013 en Washington, legando no seu testamento o 25% dos seus bens á USC para crear un fondo destinado a promover os estudos dos doutorandos e doutorandas en memoria do historiador e relixioso José García Oro, quen exerceu como profesor na Facultade de Xeografía e Historia da nosa universidade.

EDIUS

NOVAS

Falan @s doutorand@s

Así vai o meu doutoramento

Transcorridos xa os primeiros meses, os doutorandos e doutorandas que comezaron este curso a súa andaina na EDIUS cóntannos como se están a organizar e as súas primeiras impresións.

1. Que cousas che están a sorprenderte destes primeiros meses no doutoramento?

2. Como estás a organizar o teu tempo?



ALBA OLIVEIRA BALEIRÓN
Doutoramento en Educación

1. Chámome Alba Oliveira e estou a realizar o doutoramento en Educación a tempo completo. Nestes meses sorpréndeme descubrir o valor da investigación educativa aplicada ás aulas. Ademais, estou a atopar cursos da EDIUS moi interesantes que descoñecía por completo. A medida que avanzo, xorden novas preguntas e liñas de traballo, e o acompañamento do meu director que me orienta, e máis do grupo de investigación Esculca, está a resultar clave.
2. Combinar o doutoramento, un traballo a tempo parcial, a preparación de oposicións a mestra e o estudo dun idioma é un reto. Non me separo da miña axenda nin do meu planificador semanal, onde anoto o que debo facer hora a hora e procuro respectalo sempre. Esta planificación flexible pero axustada axúdame a repartir tempos de lectura, análise e escritura, así como espazos para o estudo, mantendo rutinas e obxectivos pequenos que me permiten avanzar con constancia, e sobre todo con ganas.

[Ir ao sumario](#)

1. Que cousas che están a sorprenderte nos primeiros meses no doutoramento?

2. Como estás a organizar o teu tempo?



PAULA REFOJO OTERO
Doutoramento en Dereito

1. Ao longo deste tempo tiven a oportunidade de familiarizarme coa dinámica propia destes estudos e tomar consciencia do desafío que supón a elaboración da tese. Nela, a orde e a xestión eficiente do tempo son de suma importancia. Do mesmo xeito, a investigación no ámbito do Dereito, que se atopa en constante cambio, é todo un reto.
2. A xestión eficiente do tempo é fundamental na elaboración dunha tese doutoral. Nestes primeiros meses, procuro organizarme para compatibilizar a investigación sobre o meu tema de tese coa realización doutras actividades formativas tales como a elaboración de cursos, a asistencia a congresos ou a preparación dalgunha que outra publicación.



**MARÍA DEL CAMINO
PEREIRO GONZÁLEZ**
Doutoramento en Educación

1. Sobre todo a implicación dos meus titores de tese (Jesús Rodríguez e Silvia López). Están a todas, explicándome claramente as aprendizaxes que aporta o programa, os pasos a seguir, as posibilidades e limitacións do estudo e como ser quen de aproveitalas para dotalo dunha maior rigorosidade e significatividade. Ademais, están as múltiples posibilidades formativas que aporta o programa e, como non, a boa xestión das comunicacións.
2. Isto é o máis complexo, conciliar traballo, programa e vida familiar. O mellor, a planificación, días e momentos concretos para xerar rutinas que me permitan avanzar e, sobre todo, moita ilusión ante unha tarefa moi enriquecedora.

EDIUS **NOVAS**

Que é o Compromiso Documental de Supervisión (CDS)?

O Compromiso Documental de Supervisión (CDS) é o documento que recolle as funcións de supervisión, tutela e seguimento das persoas doutorandas

Nel especificanse as condicións de realización da tese, os dereitos e deberes das persoas doutorandas -incluíndo os posibles dereitos de propiedade intelectual e/ou industrial derivados da investigación-, a aceptación do procedemento de resolución de conflitos, así como os deberes e dereitos da persoa titora e directora de tese (cargos que poden recaer na mesma persoa).

A aceptación do CDS, polo tanto, afecta a todas as partes inmersas no proceso de elaboración dunha tese. As persoas asinantes deste compromiso declaran coñecer a normativa xeral vixente reguladora dos estudos de doutoramento e a específica da Universidade de Santiago, e aceptan as disposicións nelas recollidas:

- A persoa doutoranda debe aceptar o documento tras realizar a súa matrícula (a través da súa Secretaría Virtual).
- A persoa titora (a través da súa Secretaría Virtual), logo da aceptación do CDS pola persoa doutoranda.
- A persoa directora de tese, no momento da súa asignación por parte da CAPD (o profesorado alleo á USC recibirá un correo electrónico para a aceptación do CDS).
- A persoa coordinadora non recibirá ningunha notificación. Aparecerá na súa Secretaría Virtual como temas pendentes unha vez o CDS sexa aceptado pola persoa doutoranda.

O Compromiso Documental de Supervisión produce efectos desde a data da súa sinatura até a defensa da tese de doutoramento. Quedará sen efecto no caso de incumprimento dalgunha das cláusulas previstas ou da normativa reguladora destes estudos na USC.



ENTREVISTA



Purificación Cariñena Amigo

Concienciación e formación, principais aliados na ciberseguridade

Purificación Cariñena Amigo, profesora do departamento de Electrónica e Computación e membro do Grupo de Sistemas Intelixentes da USC, impartiu o curso “Fundamentos da ciberseguridade”. Trátase dunha formación para afondar no coñecemento dos fundamentos da ciberseguridade aplicados á protección da privacidade, á navegación pola rede, ás comunicacións, ós pagamentos e ó uso dos sistemas operativos.

Que entendemos polo termo ciberseguridade?

A ciberseguridade é o termo empregado cando falamos de seguridade no ámbito dixital, en oposición ao que consideraríamos a seguridade no ámbito físico. E, na actualidade, gran parte da nosa vida transcorre na esfera dixital, polo que é moi importante *securizar* esta parte do noso día a día. A ciberseguridade céntrase en protexer os datos, as aplicacións, os dispositivos que lles dan soporte e as comunicacións. É dicir, involucra tanto *software* como *hardware*.

Cales son as maiores ameazas de ciberseguridade na actualidade?

No momento actual, as maiores ameazas poderían considerarse:

O ***phishing***, que consiste na suplantación de identidade e engano aos usuarios para que realicen accións en beneficio do atacante, principalmente para roubo de datos de acceso a servizos, como poden ser as contas bancarias. Estas suplantacións poden vir por correo electrónico, por mensaxes SMS ao móbil ou a través de redes sociais, e cada vez se utilizan técnicas máis sofisticadas.

O ***ransomware***, que fundamentalmente ten un móbil económico. O que fai é bloquear os equipos mediante un código malicioso inxectado ou descargado involuntariamente pola vítima para solicitar un rescate.

A ***explotación de vulnerabilidades en dispositivos IoT*** (do internet das cousas): o crecemento exponencial de dispositivos e sensores de todo tipo

conectados á rede, tanto a nivel doméstico (portas de entrada, aspiradoras, lavadoras, refrixeración/calefacción, cámaras...) como industrial (onde os sensores poden ser de tipos moito máis variados), fai que aparezan novas vulnerabilidades explotables e maior número de puntos de entrada para os atacantes (puntos que ás veces están menos supervisados ou protexidos que os compoñentes “habituais”: ordenadores e teléfonos móbiles).

Todo isto combinado co uso cada vez maior das ferramentas de Intelixencia Artificial por parte dos atacantes, creando métodos máis sofisticados ou con maior facilidade de engano e ocultación cara ás vítimas.

Que debemos facer para evitar ser presa dos cibercriminais?

A principal ferramenta de protección é a concienciación e a formación dos usuarios, tanto para comprender os riscos aos que nos enfrontamos como para coñecer as medidas que podemos adoptar, e saber como implementalas correctamente. O usuario é sempre a parte máis débil da cadea no que atinxe á ciberseguridade.

E que non debemos facer nunca?

Facilitar datos confidenciais, como credenciais de acceso, sen verificar as fontes desde onde se piden. Non deixarse levar pola presunta “urxencia” das mensaxes que nos chegan. Non debemos tampouco descargar aplicacións de fontes non confiables, nin seguir ligazóns sospeitosas. Sempre é mellor escribir nós mesmos as direccións nos navegadores, e só cando queremos acceder realmente ao servizo.

En España, a penetración de usuarios de redes sociais é de case o 83% da poboación. Son os social media especialmente perigosos desde o

punto de vista da seguridade informática?

Nas redes sociais compártese moita información, moitas veces sen filtro ou restrición de privacidade (os “amigos” moitas veces son persoas descoñecidas ás que seguimos ou nos seguen sen ter realmente conciencia de quen pode estar detrás). Coa implantación cada vez maior neste ámbito das técnicas da IA xenerativa, poden construírse mensaxes con imaxes ou vídeos “falsos” pero moi realistas. O propio texto da mensaxe pode ser xerado de forma automática e moi convincente, e incluso redactado de forma diferente segundo o público obxectivo. Deste xeito, a enxeñaría social pode ser moito máis efectiva. Por outra banda, isto facilita un maior auxe nas campañas de desinformación, pois os habituais bulos que circulan polas redes son cada vez máis difíciles de identificar e diferenciar das noticias reais.

Que outras portas de acceso empregan os piratas informáticos para vulnerar a nosa seguridade e privacidade?

A enxeñaría social segue sendo o principal punto de acceso dos atacantes a nivel de cidadán de a pé. O que busca é a reacción irreflexiva asustando ás vítimas con avisos urxentes de multas ou sancións ou bloqueos se non se seguen os pasos indicados, ou tamén ofrecendo incentivos suculentos como premios ou devolucións de impostos non esperados. Pero tamén está a tradicional porta de acceso directamente usando a chave: credenciais de usuarios roubadas e dispoñibles nalguna base de datos de filtracións dispoñible no “mercado negro”, ou directamente ataques de forza bruta ou diccionario a usuarios que non empregan contrasinais seguros (e sobre todo, usuarios que empregan o mesmo contrasinal para diferentes contas).

Cal é o mellor xeito de crear un contrasinal seguro?

Os contrasinais a día de hoxe xa non ofrecen unha seguridade completa na maioría de casos. Moitas veces estes forman parte de bases de datos filtradas ou roubadas, ou non son o suficientemente longos e aleatorios para impedir o uso de dicionarios (listaxes de combinacións precalculadas, para distintos tamaños de contrasinal). Un contrasinal debería ter unha lonxitude mínima de 12 ou 14 caracteres (combinando maiúsculas, minúsculas, números e símbolos especiais) e ser o máis aleatorio posible (non o nome da mascota nin unha data sinalada para nós, por exemplo). E ser único para cada servizo ou aplicación; neste caso, podemos utilizar algún xestor de contrasinais para non ter que memorizalos todos. Pero para incrementar a seguridade, sempre que sexa posible o mellor é ter algún outro factor de autenticación complementando o contrasinal (un código por SMS, ou unha identificación biométrica, por exemplo).

Como podo saber se un correo ou unha páxina web é falsa?

Non hai unha regra que permita identificar un correo ou unha web falsa cunha efectividade total, pero para o caso das páxinas web, podemos axudarnos da identificación que fai o propio navegador: o candado xunto á dirección web, que indica se a conexión é ou non é segura. O que podemos é consultar a través deste candado (ou símbolo asociado no navegador concreto) o certificado que presenta o servidor da páxina web para autenticarse: comprobar se o dominio do servidor que aparece no certificado é o que nós queríamos visitar, e se foi emitido por unha autoridade de confianza. En caso de dúbida, sempre é mellor teclear nós mesmos a dirección, en lugar de facer clic en ligazóns que nos envían (sobre todo se chegan de fontes dubidosas). Respecto aos correos, hai que desconfiar se non coñecemos o remitente, e sobre todo estar alerta ante as sinais claras de *phishing*: correos que animan a seguir algunha ligazón non moi clara, prometendo algún beneficio importante ou ameazando con algo terrible, e cunha invitación á premura en reaccionar á mensaxe. O feito de estar mal redactados, que era un sinal claro de correo fraudulento, xa non é un factor determinante debido precisamente á facilidade de xeración de textos usando as ferramentas de IA xenerativa.

É seguro usar redes Wi-Fi públicas?

As redes Wi-Fi públicas están accesibles a todo o mundo, e isto inclúe calquera axente malicioso que estea nesa zona concreta. Unha vez o atacante está na mesma rede que os nosos dispositivos, ten máis fácil o acceso para explotar algunha vulnerabilidade dos mesmos. Non deberíamos en ningún caso conectarnos a ningún lugar que requira datos persoais ou de acceso a

contas de usuario importantes (por exemplo, a conta no banco, pero tamén o noso correo persoal, ou a nosa nube de datos), para minimizar os riscos.

Cales son os erros que cometen as empresas en materia de ciberseguridade?

O principal erro, sobre todo nas pequenas empresas, é a falta de concienciación sobre os riscos a que están expostas, porque pensan que non serían obxectivos. Isto fai que moitas veces non se forme ao persoal correctamente en materia de acceso seguro a aplicacións e contas. Tamén é un problema moitas veces a non separación de perfís de acceso aos distintos recursos, e o uso de equipos persoais para teletraballar (un risco que se incrementou desde a pandemia debido á necesidade de implantar con certa presa mecanismos de acceso remoto). Outro erro é considerar a seguridade como un engadido que podemos poñer na empresa cando xa está todo montado, cando debe ser un dos piares á hora de establecer a organización da mesma, e considerar os custes engadidos como un gasto extraordinario, en lugar dunha inversión.

Que importancia ten a intelixencia artificial na detección de ciberataques?

Como toda a tecnoloxía relacionada coa ciberseguridade, as metodoloxías e ferramentas que están dispoñibles para a defensa, tamén poden ser (e o son) empregadas polos atacantes para desenvolver mecanismos de ataque cada vez máis sofisticados. A IA pode empregarse para a identificación de ameazas, para a busca de vulnerabilidades nos nosos activos, e tamén para a detección automatizada de intrusionés tanto en redes como en equipos. Neste ámbito, a IA pode usarse tamén como axuda á clasificación de alertas sobre posibles eventos mali-

ciosos. Os responsables dos equipos de detección dispoñen de ferramentas que identifican multitude de posibles eventos maliciosos, e a IA permite facilitar o cribado e clasificación das alertas, intentando priorizar as máis relevantes. As técnicas de IA utilízanse tamén para a detección de anomalías, pois os algoritmos son capaces de aprender o comportamento “normal” dun sistema, e catalogar así o que saia do normal como posible ameaza ou intrusión. Isto permite detectar accións maliciosas non coñecidas, identificar usuarios non habituais, ou detectar intentos de fraude.

Que novas tendencias ve no cibercrime?

Aínda que o *phishing* xa leva tempo sendo unha das principais ameazas, o emprego de ferramentas de IA na elaboración dos ataques fan cada vez máis difícil a identificación das mensaxes como ilexítimas. Os ataques están máis dirixidos e enfocados ao perfil da vítima. En canto ao *ransomware*, tamén está experimentando un auxe debido á existencia do ransomware as a service: kits de *ransomware* personalizables e listos para empregar en distintos ataques, o que fai que non se requiran grandes coñecementos informáticos ou infraestruturas para realizar as campañas de ataque. Por outra banda, están aumentando os ataques á cadea de subministro: en vez de atacar directamente a un obxectivo ou compañía, búscanse vulnerabilidades en aplicacións ou servizos de terceiros que esta emprega. E tamén se están incrementando os ataques que buscan roubo de credenciais.

Cal é o principal risco relacionado coa ciberseguridade durante a etapa da tese?

O principal risco sería a perda de datos: o traballo da tese normalmente está en formato dixital, gardado nun ordenador ou na nube (ben sexa


a académica ou unha persoal). Un ataque de *ransomware* pode facer que perdamos o noso traballo, pero tamén pode suceder debido a fallos nalgúnha aplicación ou mesmo a fallos nalgún equipo (nosou ou corporativo). Por isto son moi importantes as copias de seguridade. Se o tipo de investigación comporta o uso de información sensible ou confidencial, é moi importante a súa xestión e almacenamento de forma segura, para evitar filtracións ou roubo de datos.

Algún outro?

Outro risco podería ser a suplantación de identidade mediante o roubo de credenciais corporativas (por exemplo, de Microsoft 365), ben con obxectivo de entrar nas nosas contas ou ben para empregalas para acceder a outros servizos dentro da universidade de maneira fraudulenta ou maliciosa. É importante tamén utilizar servizos e aplicacións que sexan seguros. Moitas veces subimos ficheiros a servizos na nube para editalos ou compartilos con outros usuarios. Debemos verificar a quen damos acceso aos nosos datos e con quen estamos compartindo. Ademais, debemos asegurarnos de que a información se transmita e almacene nos servidores de forma segura. Algo fundamental é ter os nosos dispositivos correctamente actualizados, tanto a nivel de sistema operativo como de aplicacións e non conectalos a redes Wi-Fi non confiables. Isto inclúe tamén os teléfonos móbiles, xa que cada vez máis son obxectivo de ataques e intentos de intrusión.

É un estudantado especialmente vulnerable aos abusos dos hackers?

O estudantado na etapa de tese, en principio, xa superou unha formación universitaria na que tivo que xestionar o acceso a unha conta de usuario corporativa, e aprender a utilizar de xeito seguro as ferramentas académicas, como a secretaría virtual ou o campus virtual, así como o correo electrónico e o almacenamento de información na nube. É certo que moitas veces estas habilidades conséguense de xeito autodidacta, e non hai unha formación previa rigorosa en termos de ciberseguridade. O que pode facer a este colectivo máis vulnerable é precisamente ter unha falsa sensación de seguridade, se non se ten unha boa base previa, porque o feito de xa manexarse ben coas aplicacións pode facer que sexamos menos precavidos en canto ao seu uso.



Formación

Actividades Decembro 2025

Fundamentos de ciberseguridade

3 de decembro de 2025

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matriculación: do 19 ao 26 de novembro de 2025

Horario: 10:00h - 14:00h

Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos e a súa aplicabilidade ambiental

Do 15 ao 19 de decembro de 2025

Actividade *online*

Matriculación: do 1 ao 9 de decembro de 2025

Horario: de 15:00h - 18:00h

Estrutura e contidos dunha tese de doutoramento da USC

12 de decembro de 2025

Sala xuntanzas, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre- Santiago

Matriculación: do 5 ao 10 de decembro de 2025

Horario: 9:30h - 13:30h

EDIUS **NOVAS**

Este curso abriranse enquisas online para que o estudantado exprese o seu grao de satisfacción con cada actividade formativa

Co obxectivo de seguir mellorando, a EDIUS puxo en marcha o curso pasado un método de avaliación das actividades de formación que oferta ao estudantado. Deste xeito, os doutorandos e doutorandas matriculados recibirán, a través do seu correo electrónico corporativo da USC, unha ligazón para avaliar o desenvolvemento do curso no que estiveron matriculados. Como novidade, este curso 25-26 estas enquisas remitiranse inmediatamente despois de rematar cada unha das actividades formativas e de que estas fosen avaliadas e non agrupando varios cursos, como se fixera até o de agora. Deste xeito, preténdese aumentar a participación do estudantado.

Serán catro preguntas moi sinxelas para avaliar o grao de satisfacción co propio curso, co profesorado, cos medios á súa disposición e, por último, unha pregunta sobre se recomendarían esa formación a outras persoas. Estas enquisas enviaranse cada dous meses sobre os cursos xa rematados.

Desde a Escola faise un chamamento a todo o estudantado de doutoramento que asiste a estes cursos para que participe nestas enquisas, xa que é unha ferramenta moi útil para coñecer de primeira man a súa opinión. Este feedback é imprescindible para saber se os cursos programados son unha boa formación complementaria á actividade investigadora do alumnado, se permite fortalecer competencias e habilidades tales como a comprensión das metodoloxías e técnicas de investigación, os procesos de documentación científica, técnicas e métodos de comunicación científica e mais a redacción de traballos de investigación.



EDIUS

NOVAS

A EUniWell celebrará en Santiago un programa centrado no autocoidado na carreira profesional durante o doutoramento

Do 19 ao 23 de xaneiro de 2026 celebrarase en Santiago o BIP (Programa Intensivo Combinado polas súas siglas en inglés) “Career Development Support for PhD Students in a Well-Being Environment. From Self-Care to Career: Building Resilient PhD Pathways”, centrado no apoio ao desenvolvemento profesional para o estudiantado de doutoramento nunha contorna de benestar. En concreto, a actividade tratará sobre o autocoidado na carreira profesional para axudar a construír traxectorias resilientes nesta etapa.

Este BIP é unha actividade incluída na programación deste curso da EUniWell, a Universidade Europea do Benestar da que forma parte a USC.

Mediante unha metodoloxía mixta de obradoiros prácticos, seminarios e visitas a empresas de investigación, as persoas participantes desenvolverán e documentarán competencias como a xestión do tempo, a xestión de proxectos, a comunicación, a colaboración interpersoal, o pensamento crítico, a competencia dixital e a autoxestión da carreira profesional. O curso fomenta a exploración de oportunidades académicas e non académicas dentro e fóra da rede EUniWell, promovendo a alfabetización en mobilidade, a conciencia emprendedora, a resiliencia e as competencias transferibles aliñadas co mercado laboral europeo.

euni
well
European
University for
Well-Being

STUDY GUIDE

Career Development Support for PhD Students in
a Well-Being Environment

A reflexión de Isabel Neira, coordinadora do programa na USC



